

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de setembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(986).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de agosto de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(987).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1488.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformado ppola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a.Rosa Castiñeiras González.

3(988).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ESTABLECEMENTO MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO PARQUE CENTRAL DE TEIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3092/213.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09.09.13, e de acordo co informe-proposta do oficial xefe do Servizo de Bombeiro, do 6.09.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto redactado polo arquitectos Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de urbanismo para a execución das obras de establecemento, mellora e ampliación dos Servizos de Extinción de Incendios do Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros, por un importe total, impostos incluídos, de 1.295.188,86€ (un millón douscentos noventa e cinco mil cento oitenta e oito euros e oitenta e seis céntimos) que se executará en dúas anualidades, 2013 e 2014 cos fondos aportados polo concerto de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios”. O prazo de execución será de sete meses.

4(989).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) DOBRE 0 S.L. EXPTE. 4562/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 6.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a DOBRE 0, S.L. a fianza de 40.535,14 euros constituída para responder da xestión da Escola Municipal de Música, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

B) IMATIA INNOVATION S.L. EXPTE. 6706/113.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 28.08.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a IMATIA INNOVATION, S.L. a fianza de 2.931,75 euros constituída para responder de dotacións para modernización dos vehículos patrulla da Policía Local, xa que foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

5(990).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE NA REDE DE MUSEOS DE VIGO. EXPTE. 457/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.08.13, o informe de fiscalización do 09.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 4.09.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente incoado para a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede de museística e expositiva do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que rexerá a contratación citada, redactado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, con data 10 de xullo de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación obxecto do presente expediente, redactado pola técnica de Admón Xeral do Servizo de Contratación con data 13 de agosto de 2013

CUARTO.- Autorizar o gasto do devandito contrato, por importe total de 1.789.685,19 € (1.479.078,66 €, máis 310.606,53 € correspondentes ao 21% de IVE) para un período de tres anualidade a contar dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2016 (596.561,73 € nos 12 meses de 2014); que se financiarían con cargo ás partidas: 3330.227.01.01 “Servizos de seguridade dependencias” (539.040,00 €); 3330.227.00.00 “Limpeza dependencias”: 47.521,74 € e 3330.227.99.08 “Mantemento alarmas e sist. seguridade” (10.000,00 €).

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma legalmente prevista .

6(991).- PRÉSTAMO DE DÚAS OBRAS DE IMELDO CORRAL DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN Á FUNDACIÓN NOVACAIXAGALICIA. EXPTE. 4826/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do directo do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado polo xefe do Servizo de Museos Municipais e o concelleiro-delegado de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar o préstamo das seguintes obras:

- Título: Corredoira
- Artista: Imeldo Corral
- Nº Inv.: 292

- Técnica: Óleo s/ cartón
 - Data: Século XX (anterior a 1937)
 - Dimensións: s/m 22,3 x 28 cm
-
- Título: Paisaxe
 - Artista: Imeldo Corral
 - Nº Inv.: 293
 - Técnica: Óleo s/ cartón
 - Data: Século XX (anterior a 1937)
 - Dimensións: s/m 28,9 x 22,8 cm

á Fundación Novacaixagalicia, organizadora dunha exposición antolóxica do artista Imeldo Corral, que terá lugar na sede desa Fundación na cidade de Ferrol, entre os días 9 de outubro de 2013 e 12 de xaneiro de 2014, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”

SEGUNDO.- En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte da Fundación Novacaixagalicia, como organizador da exposición, das condicións xerais de préstamo, así como á resolución favorable da saída da obra por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

7(992).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN RACIAL. EXPTE. 10251/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.07.13, o informe de fiscalización do 2.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, do 27.08.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

2º.- Facultar ao concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para asinar o citado convenio.

3º.- Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2013 se contempla a partida 2410 4890002, onde se preve nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00€, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 2410 489.00.02 “Convenio Fundación Secretariado Xitano” de Desenvolvemento Local e Emprego.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dousmil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, don Pedro Puente Fernández, como presidente da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Antonio Merino 10, Madrid, na representación da mesma, segundo escritura de data 23 de febreiro de 2005.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións ais bens e servizos da comunidade.

A nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxidados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución

e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.*
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.*
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe solcial.*
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..*

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2013 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concedente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Gitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de

Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 8845 /77.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Gitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Gitano comprométese a colaborar coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

1º.- En canto ao eixo socio-laboral:

- Mobilización das persoas para mellorar a súa empregabilidade mediante unha adecuada acollida, diagnóstico e xestión dos itinerarios individuais.
- Desenvolvemento de destrezas básicas, de habilidades sociais e de competencias laborais
- Orientación laboral, deseño de itinerarios individuais de inserción e seguimento do itinerario.

2º.-En canto ao eixo formativo:

- Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos niveis educativos previos e aos intereses e expectativas da poboación xitana.
- Xestión do acceso aos recursos de formación ocupacional e creación de novos escenarios adaptados de formación-emprego.
- Accións específicas de formación para o emprego arredor dos nichos de mercado actualmente existentes e dos núcleos de competencias profesionais cos que a poboación xitana de Vigo está familiarizada: Curso de Manipulación de Alimentos (para a obtención do carné profesional); Curso de atención ao público e Dependentes de Comercio; Curso de camareira limpiadora; Curso de habilidades sociais para o emprego; Curso de informática básica para a busca de emprego, Curso de preparación das probas libres de competencias clave.

3º.-En canto ao eixo do emprego:

- Prospección, acompañamento e seguimento no emprego.
- Identificación e achegamento entre ofertas e demandas.
- Intermediación co tecido económico-empresarial.
- Convenios con empresas e outros axentes sociais.
- Prácticas formativas no ámbito da empresa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- *Unir esforzos e actuar aunadamente coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.*

2º.- *Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 2410 489.00.02, do vixente orzamento, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia. (Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas beneficiarias, éstas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar no

Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

1. *Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*
- *A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:*
 - *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*
 - *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
 - *Datas e lugar de celebración.*
 - *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
 - *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
 - *Actuacións realizadas.*
 - *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
 - *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 - *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
 - *Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - *Número e no seu caso serie.*
 - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - *Lugar e data de emisión.*
 - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regula-

to polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2013.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. O xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Décimo Oitavo.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Décimo novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de _____ de 2013

8(993).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS”. EXPTE. 2032/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.09.13, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación “Modificado nº 1 do proxecto básico e de execución da remodelación do Mercado do Berbés”, recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.

SEGUNDO.- Autorizar a moratoria ao prazo de excución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do proxecto “Modificado nº 1 do proxecto básico e de execución da remodelación do Mercado do Berbés”.

9(994).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIENICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 3788/313.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.07.13, e de acordo do informe-proposta da directora do Laboratorio Municipal, do 26.08.13, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIENICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, co texto final que consta no expediente 3788/313.

SEGUNDO.-Facultar expresamente ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para o asinamento deste Convenio.

TERCEIRO.-Notificar o presente acordo, en forma legal, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO.

En Vigo, de do 2013.

REUNIDOS

Dunha parte, D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, CIF nº P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n, na representación legal que ostenta.

Doutra parte, DÑA. Mª TERESA PEDROSA SILVA en calidade de DELEGADA ESPECIAL DEL ESTADO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CZFY), CIF nº V36611580, con enderezo en Vigo, Area portuaria de Bouzas, s/n, cargo que ostenta en virtude do nomeamento realizado por Real Decreto 370/2012, de 10 de febrero.

MANIFESTAN

Que o Concello de Vigo, a través do Parque de Desinfección dependente do Laboratorio Municipal, coordina e regula as actividades de desratización que afectan a importantes áreas da cidade.

O CZFV, dada a importancia que teñen os terreos da súa propiedade e a repercusión que pode ter o seu estado sanitario para os veciños, está interesado en participar no programa de prevención de pragas urbanas que o Concello realiza no resto da cidade.

Por isto, as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración que permita harmonizar e optimizar os medios utilizados na loita contra as pragas urbanas e que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.

O obxecto do presente convenio é establecer os termos e condicións da colaboración entre o Concello de Vigo e o CZFV, para desenvolver todas as medidas necesarias de control das pragas urbanas nos terreos do Consorcio, coordinando as mesmas coas que se veñen aplicando polo Parque de Desinfección no resto da cidade.

Segunda.

O Concello de Vigo, a través dos seus distintos Departamentos e Servizos, comprométese á realización dos seguintes cometidos:

- a) Desratización dos terreos e instalacións do CZFV, sitios en Bouzas e Balaidos, incluíndo estes no programa establecido para o conxunto da cidade.*
- b) Desratización e Desinfección das instalacións do CZFV, incluíndo as antigas instalacións da CLH.*

Terceira.

As datas e horarios de realización dos distintos tratamentos fixaranse conxuntamente, en función dos protocolos e da dispoñibilidade de medios dos respectivos servizos, tanto municipais como de CZFV.

Cuarta.

Antes do inicio dos tratamentos, o responsable do Parque e Servizo de Desinfección Municipal ou do Laboratorio Municipal entregará, por escrito, as recomendacións e normas de seguridade precisas para lograr unha maior efectividade dos mesmos e para evitar calquera tipo de risco.

Deberá dispoñer por escrito dun protocolo de traballo que especifique tanto os riscos que implica o uso de cada produto, como das medidas de prevención a seguir (prazos de seguridade, EPI, condicións de aplicación, tratamento en caso de intoxicación e antídotos, etc.)

Quinta.

O responsable ou técnicos do Servizo de Desinfección Municipal ou Laboratorio Municipal, entregará os certificados correspondentes ós traballos realizados ó remate dos mesmos e, de non ser posible nese momento, nun prazo inferior a quince días naturais dende a data de remate.

Sexta.

O CZFV aportará anualmente a cantidade de 21000 €uros, IVE incluído, destinados ó Laboratorio Municipal, do que depende o Parque de Desinfección, para cubrir os custes dos produtos empregados e de mantemento dos equipos que se destinarán as partidas orzamentarias do Laboratorio Municipal. O ingreso realizarase na conta do Concello antes do trinta de xuño de cada ano.

Sétima.

As partes non asumen ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio.

Oitava.

Para a aplicación e desenvolvemento do acordado, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ó longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por un representante do Concello de Vigo e outro do CZFV e que se reunirá tantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes.

De persistir as discrepancias entre as partes, estas serán resoltas pola Xunta de Goberno Local; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdiccionais que en Dereito procedan.

Novena.

Este Convenio de Colaboración ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

Sen prexuízo da obrigada intervención previa da Comisión Mixta e das facultades recoñecidas á Xunta de Goberno Local, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa.

Décima.

Serán causas de resolución deste convenio, o incumprimento grave de calquera das súas estipulacións, o cumprimento íntegro do seu obxecto e o mútuo acordo das partes.

Undécima.

O presente convenio terá unha vixencia de dous (2) anos, contados a partir do seu asinamento.

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente Convenio no lugar e data expresados no encabezamento.

10(995).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE

MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 6275/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.08.13, o informe de fiscalización do 4.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 20.08.13, conformado polo xefe de dito Servizo, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e poal concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.48900002, denominada “*Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2012, a favor da entidade *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo* (CIF: G-36899375), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en especial, os gastos de aluguer, necesarios para o seu desenvolvemento, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013 MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Pedro Pereira Carballo, con DNI 33105786-Y, en calidade de Presidente da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo (CIF: G-36899375), con domicilio social na Rúa Moiania, nave 1-3, Sárdoma, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6275/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de actuacións en apoio e atención ás persoas máis necesitadas e de loita contra a pobreza e a marxinação, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas ao desenvolvemento de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, caritativos, educativos, formativos, así como, de información, promoción e organización de accións orientadas a achegar axuda as persoas con necesidades básicas especiais, sendo a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, ten como finalidade contribuír e achegar resposta aos problemas de fame, marxinação, paro, pobreza, mediante a recadación e distribución de excedentes e doazóns de alimentos e demais bens propios dunha organización caritativa, proporcionando solucións colectivas en ámbitos asistenciais, laborais, formativos. Para o cumprimento do seu fin, a fundación realiza entre outras actividades, todas elas de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Establecer os contactos oportunos para conseguir gratuitamente os excedentes do sector agroalimentario, cadeas de distribución, ...
- ✓ Obter achegas de alimentos do grande público, por medio de colectas en centros comerciais, colexios, ...
- ✓ Darlle publicidade aos seus fins e necesidades, a fin de recabar a axuda que sexa precisa
- ✓ Solicitar axudas económicas de todo tipo

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 836/03.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2013, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, aos gastos de aluguer.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV (“Transferencias correntes”) do seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada “Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro”.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- procurar alimentos, recuperando excedentes alimentarios da sociedade en xeral, a través de operacións puntuais en áreas comerciais, doazóns ocasionais, operacións quilo en colexios, empresas, asociacións, centros comerciais...
- clasificar, ordenar e conservar nas súas instalacións os alimentos recadados, con axuda de voluntarios
- repartir os alimentos entre as entidades lexitimadas e rexistradas oficialmente.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2013, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social situado na Rúa Moiana, nave 1-3, Sárdoma (Vigo) entre os meses de xaneiro a outubro), necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, os gastos de aluguer, cuxa contía total neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL	
Aluguer (local social, garaxe)	12.960,00 €
Reparacións e conservación	500,00 €

Asesoría e primas de seguros	4.000,00 €
Transportes e gastos de furgón	1.300,00 €
Publicidade e comunicacións	1.500,00 €
Auga, electricidade e teléfono	3.200,00 €
Fotocopias, material oficina, renting fotocopiadora, páxina web	2.500,00 €
Varios, gastos en colectas, gastos de viaxe	5.600,00 €
Gatos FEGA, Asambleas, Cuota Federación Española	8.200,00 €
Tasas, impostos, soldos e salarios, Seguridade social	13.000,00 €
TOTAL	54.760,00 €

O importe total do orzamento anual de gastos da entidade ascende a 75.000 €.

IX.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación entre os meses de xaneiro a outubro, en especial, os gastos de aluguer, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades para o ano 2013, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a*

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF e o IS serán subvencionables cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5113 06 3040009557 (Novagalicia Banco)

Noveno- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

No caso de solicitude de anticipo, achegarase declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

11(996).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS DE VIGO (ADIVI) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE NO 2013 MEDIANTE COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 6275/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.08.13, o informe de fiscalización do 27.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 20.08.13, conformado polo xefe de dito Servizo, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada

“Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor da entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI).

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) (CIF.- G-36822286), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social, situado na Rúa Cristo, 62- baixo (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, doutros gastos de mantemento directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 3.600 € (tres mil seiscientos euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS DE VIGO (ADIVI) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE OS MESES DE XANEIRO E OUTUBRO, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Lina Méndez Pérez, con DNI 36099385B, en calidade de Presidenta da Asociación de Diabéticos de Vigo -ADIVI- (CIF: G36822286), con domicilio fiscal en Rúa do Cristo, 62 (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6255/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas,, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de diabetes, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo a Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, a entidade "Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI)", ten, en xeral, como finalidade, a a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de diabetes e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Informar e asesorar ós socios a nivel médico, laboral, social e xurídico*
- ✓ Facilitar ó socios información sobre Diabetes*
- ✓ Informar das actividades que poidan mellorar a calidade de vida ós/ás enfermos/as de Diabetes*
- ✓ Protexer ós nenos e mozos diabéticos na súa etapa escolar e aprendizaxe profesional*
- ✓ Fomentar a creación e desenvolvemento de campamentos de verán para nenos, mozos e adultos diabéticos*
- ✓ Promover o estudo da diabetes no terreo da investigación experimental, clínica, económica e social e do seu tratamento, prestando a estes propósitos a axuda precisa*
- ✓ Colaborar non recoñecemento das diabetes ignoradas e de estados prediabéticos*
- ✓ Defender os dereitos dos diabéticos para acadar a plena integración na sociedade, proporcionando a tal fin, as asesoría precisas e os medios necesarios para elo*
- ✓ Procurar un axeitado tratamento médico dos diabéticos en todo o ámbito territorial de actuación e, a tal fin, inducir á constitución de institucións extrahospitalarias e hospitalarias precisas e adecuadas, así como, á formación específica do persoal sanitario*
- ✓ Colaborar coas administracións nos distintos niveis para a prevención e tratamento da diabetes e acadar a axuda precisa daquelas para o propio desenvolvemento de ADIVI*

- ✓ Participar e organizar todas aquelas actividades de calquera tipo (deportivas, culturais, etc...) que contribúan ó logro dos fins anteriormente mencionados e que supoñan unha axuda ó colectivo diabético

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 21/05/97, a Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 520/97 no epígrafe 1.4.

V.- Na vontade de aprofundar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas para o ano 2013, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sin ánimo de lucro".

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, outros gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Ciclo de charlas-coloquios "Día a día coa túa diabete"	<ul style="list-style-type: none"> - Alimentación para nenos diabéticos - Taller de técnicas de inxección para adolescentes e nenos - Exercicio físico e diabetes tipo 1 - Taller de técnica de inxección para adultos - Exercicio físico e diabetes tipo 2 - Xestión de hipoglicemias, hiperglicemias e cetoacidose diabética
Actividades de formación	<ul style="list-style-type: none"> - Cociña para diabéticos - Trallemos coas mans
Campamento para nenos	
Asesoramento individualizado a socios e novos diabéticos	
Excursión anual de convivencia	
Día Mundial da Diabetes	

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos

aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre xaneiro a outubro de 2013, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para o ano 2013, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é de 4.072,62 €.

GASTOS DE MANTEMENTO (XANEIRO-OUTUBRO 2013)	
Aluguer local	2.544,00 €
Electricidade	607,70 €
Seguros	192,49 €
Tributos	80,00 €
Mantemento extintores	30,25 €
Teléfono	618,20 €
TOTAL	4.072,64 €

IX.- Que a entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI), o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade de diabetes e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI) unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa do Cristo, 62 (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2013, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI).

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Diabéticos de Vigo (ADIVI), mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións

bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF e o IS serán subvencionables cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5046 24 3040021405 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

12(997).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS DA “CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL, PARA O EXERCIZO 2013”. EXPTE. 6106/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.08.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de participación e Atención Cidadá, do 2.09.13, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

- ASOCIACION MADRES EN DEFENSA DE LOS JOVENES DROGODEPENDIENTES co CIF G36750651, por non ter presentado en prazo o certificado de non ter débedas coa Seguridade Social.

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890020 “Plan compensación contra a crise” do presuposto en vigor do ano 2013, con unha dotación de 200.000,00 €:

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa:

CIF	Denominación da entidade	Importe Final Proposto
G36802536	ASOCIACION DE AYUDA A LA VIDA	600,00 €
G15859911	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	6.000,00 €
G36884708	VIDA DIGNA	30.000,00 €
G03542362	Asociación "La Sal de la Tierra" de Alicante	33.196,91 €
R3600377J	MISION EVANGELICA URBANA DE VIGO	14.847,53 €
G36626174	CASA DE CARIDADE - COMEDOR DA ESPERANZA	19.850,00 €
G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS	25.000,00 €
R3600319B	HERMANOS MISIONEROS ENFERMOS POBRES	15.358,83 €
G28256667	SOCIEDAD SAN VICENTE PAUL ESPAÑA	17.207,94 €
G36744480	SAN CAYETANO ASOCIACION Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA	16.178,28 €
G36660348	ASOCIACION FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO AFAN	21.760,51 €
	TOTAL	200.000,00 €

- De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

13(998).- PROPOSTA PARA DECLARAR RESOLTA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO RESTAURANTE 2-M-3, NA PRAIA DE SAMIL S/N, DE D^a. CARIDAD FALAGAN GARCÍA. EXPTE. 19647/240.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 23.08.13, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *TRLCSP (R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da LCSP).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *Prego de condicións administrativas aprobado por acordo plenario de 30 de maio de 1975 polo que se rexe a concesión administrativa para a construción e explotación do restaurante na Praia de Samil.*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado o día 12 de xullo de 2013 resolveu:

“PRIMEIRO.- Incoar expediente administrativo para a declaración de extinción da concesión administrativa outorgada polo Pleno Municipal o 30 de agosto de 1976 a D^a Caridad Falagan García para a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil desta cidade de Vigo, polo falecemento da concesionaria.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós herdeiros de D^a Caridad Falagan García, e demais interesados no procedemento, outorgándolles un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen conveniente.

TERCEIRO.- Comunicar ós herdeiros de D^a Caridad Falagan García a suspensión na prestación do servizo, de conformidade co disposto no art. 71 do RCCL.”

SEGUNDO.- O devandito acordo foille notificado aos interesados o día 31 de xullo de 2013, de acordo co previsto no art. 59 da LRXAP e PAC, non constando que se formularan alegacións ou se presentara documentación ao procedemento no prazo outorgado ao efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Pleno Municipal, na súa sesión de data 30 de agosto de 1976, acordou adxudicar a D^a Caridad Falagan García, polo prazo máximo de 40 anos, a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil, con suxeición estrita ao Prego de Condicións aprobado por acordo plenario de 30 de maio de 1975.

SEGUNDO.- Segundo tivo coñecemento a oficina da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, D^a Caridad Falagan García faleceu o pasado día 29 de maio de 2013.

TERCEIRO.- O Prego de Condicións administrativas que serviu de base ao concurso público convocado e polo que se adxudicou a D^a Caridad Falagan García dita concesión administrativa para a construción e explotación do restaurante na praia de Samil, dispón na súa Condición XV – Secuestro, Rescate e Caducidade- que: “Serán causas de secuestro, rescate e caducidade da concesión as especificamente previstas na vixente Lei de Réxime Local e regulamentos ditados para a súa aplicación e calquera outras disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.”

Neste senso, o regulamento de contratación das Corporacións Locais, norma vixente no momento do outorgamento da concesión administrativa, dispón no seu artigo 68 a facultade da Administración para a denuncia do contrato por causa do falecemento do contratista. Causa de resolución contractual igualmente prevista no vixente Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 223.a).

A Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, reguladora do réxime xurídico do patrimonio das Administracións Públicas, establece no seu artigo 100 as causas de extinción das autorizacións e concesións demaniais outorgadas, fixando entre outras causas de extinción a morte ou incapacidade sobrevida do usuario ou concesionario individual ou extinción da personalidade xurídica.

CUARTO.- A teor do que antecede, pódese considerar que a concesión administrativa atopase incurso en causa de resolución prevista no prego de condicións e lexislación aplicable, cal é a do falecemento do concesionario individual.

Conseguentemente, procede declarar resolta a concesión administrativa outorgada polo pleno municipal o día 30 de agosto de 1976, a D^a Caridad Falagan García para a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil, por causa do falecemento da concesionaria.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no TRLCSP, na súa Disposición Adicional Segunda, apartado 3.

Por todo iso, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar resolta a concesión administrativa outorgada o 30 de agosto de 1976, a D^a Caridad Falagan García para a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil, polo falecemento da súa concesionaria.

SEGUNDO.- Requirir aos herdeiros de D^a Caridad Falagan García para que no prazo dos dez días seguintes á notificación da presente proceda ao desaloxo e posta a disposición deste Concello da parcela 2-M-3, na praia de Samil, xunto coas súas instalacións, apercibíndolle de que noutro caso esta Administración executará o seu lanzamento por medios municipais, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.

TERCEIRO.- Incoar expediente contradictorio para a liquidación do contrato consonte á normativa vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(999).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DA SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7023/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.09.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 6.09.13, que di o seguinte:

Seguindo instrucións da Intervención municipal en informe do 02/09/2013, modifícase o informe da proposta para aprobación do proxecto de execución da segunda fase do Centro Galego de Fotografía, quedando redactado coma segue:

No ano 2011, finalizou a execución da primeira fase da construción do “Centro Galego de Fotografía”, e nos orzamentos municipais para o ano 2013 recóllese a partida 3360.6220000, denominada 2ª FASE CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA.

Así, con data 6 de maio de 2013, a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, contratou a redacción do proxecto de execución da segunda fase da construción do Centro Galego de Fotografía, ao arquitecto Pedro de la Puente Crespo, por ser éste o que redactou o proxecto da primeira fase, e polo tanto coñecedor do mesmo.

Con data 18 de xuño de 2013, o arquitecto presenta o proxecto da segunda fase do "Centro Galego de Fotografía", por un importe de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL NOVECIENTOS SETENTA E DOUS CON VINTE E UN EUROS (378.972,21 €), que contempla as actuacións necesarias para o remate do Centro (albanelaría, carpintería, electricidade, fontanería, pintura).

O proxecto conta con informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Supervisión de Obras, de data 13 de agosto de 2013, segundo determina o artigo 125 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Posteriormente, seguindo instrucións da intervención municipal, foi requerido un novo informe técnico sobre o proxecto aos arquitectos municipais, que se emitíu na data do 29/08/2013, informando favorablemente o mesmo.

Unha vez enviado todo o expediente á Intervención municipal, na data do 02/09/2013 o sr. Interventor emite informe indicando a necesidade de axustar unha serie de cuestións relativas ao proxecto e unha vez cumprimentadas as súas observacións, poderá continuar a tramitación do expediente. Paralelamente, se emite a certificación sobre a existencia de crédito dispoñible para afrontar o gasto e a retención do mesmo.

Así pois, se solicitou ó arquitecto redactor do proxecto o axuste no Estudio de Seguridade e Saúde e a redacción da acta de replanteo, documentación que presenta nas oficinas de Patrimonio Histórico na data do 04/09/2013; posteriormente, o arquitecto municipal procede á sinatura conformando a citada acta.

E por último, consultados os técnicos municipais, informan que a lexislación de aplicación aos Contratos do Sector Público non establecen a obriga de que a clasificación do contratista teña que vir reflectida no proxecto técnico das obras, polo que este servizo informa que todas as referencias á clasificación do contratista téñense por non postas; non obstante, as observacións do sr. Interventor en canto á clasificación serán debidamente cumprimentadas no prego de condicións que se redacte para a contratación das obras.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

– Aprobar O PROXECTO DE EXECUCIÓN DA SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o devandito Proxecto de execución da segunda fase do Centro Galego de Fotografía, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

15(1000).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DO SISTEMA DE RADIOCOMUNICACIÓNS DE VOZ E DATOS – SISTEMA TRUNKING. EXPTE. 37774/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.08.13, e de acordo co informe-proposta do intendente xefe da Policía Local, do 22.08.13, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a revisión do prezo do contrato do sistema de radiocomunicacións de voz e datos –sistema Trunking- (expte 37774-212), según se contempla na base 9 do prego de prescricións administrativas do mesmo, nunha porcentaxe do 2,38%, a cal se corresponde co 85% da variación experimentada polo IPC nacional (novembro 2011-maio 2013), a prol da mercantil Talleres Eléctricos de Pontevedra, Sociedade Cooperativa (Taelpo S.Coop.) con N.I.F. F-35.049.534.

2º.- Aprobar e autorizar, en consecuencia, un gasto de 1.243,87 € para 2013 (periodo comprendido entre o 01 de xuño e o 31 de decembro) con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica, e de 888,48 € para 2014 (periodo comprendido entre o 01 de xaneiro e o 31 de maio) con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking).

16(1001).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.920,00 € A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS EN CONCEPTO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO EN INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL DO MES DE XULLO DE 2013. EXPTE. 4018/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude de 29.08.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número X12/13, de “Xoma Iniciativas Sociais” C.I.F. B36873925, por un importe de 7.920,00 euros en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil do mes de xullo de 2013 , con cargo á partida 3370 2279903 “*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga a favor de “Xoma Iniciativas Sociais” C.I.F. B36873925 , por un importe total de 7.920,00 €, en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil do mes de xullo de 2013, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279903 “*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

17(1002).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.128,66 € A FAVOR DE CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ EN CONCEPTO DE XESTIÓN DO PUNTO XOVE DURANTE O MES DE XULLO DE 2013. EXPTE. 4020/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.09.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude de 29.08.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 07/2013 de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36.091261Y, por un importe de 6128,66 euros en concepto de xestión do Punto Xove durante o mes de xullo de 2013, con cargo á partida 3370 2279904 “*Punto Xove*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36091261Y por un importe total de 6128,66 euros, en concepto de xestión do Punto Xove durante o mes de xuño de 2013, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279904 “*Punto Xove* ” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”

18(1003).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.718,29 € A FAVOR DA FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA DURANTE O MES DE XULLO DE 2013. EXPTE. 4022/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.08.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude de 29.08.13, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/19 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de xullo de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de xullo de 2013, partida 3370 2279900 “*Ludoteca Casa da Xuventude e Coia*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

19(1004).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. EXPTE. 3927/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data do 13.08.13, o informe de fiscalización do 3.09.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 28.08.13, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 408.000 € para a contratación da xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico , que se imputará á partida presupostaria 3370.2279901 e a súa bolsa de vinculación,coa seguinte distribución presupostaria:

ANO	EUROS
2013	17.000,00 €
2014	102.000,00 €
2015	102.000,00 €
2016	102.000,00€
2017	85.000,00 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do presente servizo polo Concello de Vigo, de data 26 de xullo de 2013 , así como o prego de prescricións técnicas de data 3 de xullo de 2013.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria”.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

20(1005).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA E PROPOSTA DE BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AO OBRADORIO “VIGO-CAPACITA”. EXPTE. 10308/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.09.13, o informe de fiscalización da mesma data, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 3.09.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a subvención para a posta en práctica en Vigo do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA”, por notificación do Xefe de Servizo de Emprego e Formación na delegación Territorial de Vigo, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 06 de agosto de 2013 en base á Orde do 08 de maio de 2013 (DOG 16/05/2013), pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 213.202,08 € para a realización do proxecto de obradoiro de emprego “VIGO CAPACITA”, cunha duración de 6 meses, para 24 alumnos/as traballadores/as, e distribuídos nas especialidades formativas de “Operacións Básicas de Cociña” e “Operacións Básicas de Restaurante-Bar”.

SEGUNDO.- Aprobación das Bases do proceso de Selección do persoal adscrito ao dito obradoiro (expte: 10299-77) elaboradas polo grupo mixto nomeado ao efecto, (exptes.: 9856-77 e 10299-77) e que se adxuntan ao expediente, previo o informe xurídico favorable do Secretario da Admón. Local e previa fiscalización do Interventor Xeral.

TERCEIRO .- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado D. Santos Hector Rodríguez Díaz a realización das propostas de contratación dos/as alumnos/as traballadores/as e do equipo directivo e de apoio do obradoiro de emprego “Vigo Capacita”, e condicionadas sempre a que as mesmas sexan informadas favorablemente polo Secretario da Admón Local e do Interventor Xeral, e asimismo quedan condicionadas todas as contratacións do persoal laboral temporal a aqueles requisitos esixidos pola “Xefatura do Servizo de Recursos Humanos” as/os candidatos propostos/as, dacordo coa vixente Reforma Laboral e calquelostra lexislación e normativa vixente no momento da contratación co obxecto de evitar contratacións fraudulentas ou futuras sentencias de indefinición, por sé-lo Servizo de Recursos Humanos a través do cal se formalizarán e materializarán as devanditas contratacións, circunstancia que se informa a todos e tódalas candidatas así coma ao grupo mixto nomeado para selección do dito persoal.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do obradoiro de emprego “Vigo Capacita”, conforme ao establecido na base á Orde do 08 de maio de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación, e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

21(1006).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NOS AREAIS DE VIGO. EXPTE. 8316/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 11.09.13, conformado polo concelleiro accidental de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Prorrogar para o ano 2014 o contrato do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais do Concello de Vigo (expte. 8316/306) adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 1 de xuño de 2012, formalizado en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, por un importe 187.110,49 € ano sen IVE, e incluído o IVE do 21% ascende a un importe 226.403,69 euros/ano, sen prexuízo do que resulte da revisión do prezo correspondentes aos anos 2013 e 2014 e que terá que aprobar, no seu caso, a Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Informar á entidade interesada que consonte os artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, contra o precedente acordo, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que a dictou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

22(1007).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelarias Rodríguez.